

Cando o número de solicitudes de admisión presentadas en prazo sexa superior ao de postos dispoñibles no centro, valoraranse os seguintes criterios para fixar unha orde de prelación:

1.	Irmán ou irmá matriculados no centro.
2.	Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo da persoa proxenitora, titora ou acollidora.
3.	Renda per cápita da unidade familiar.
4.	Persoa proxenitora, titora ou acollidora traballadora do centro docente.
5.	Familia numerosa
6.	Alumnado nado de parto múltiple
7.	Familia monoparental.
8.	Discapacidade de calquera membro computable da unidade familiar.
9.	Condición de vítima de violencia de xénero.
10.	Condición de vítima de terrorismo.
11.	Criterio complementario.

**Nota aclaratoria:** Se persistise o empate, resolverase tendo en conta o resultado do sorteo público realizado pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades (data do sorteo: 27 de febreiro de 2025).

Neste sorteo extraeranse aleatoriamente dúas bolas dun conxunto de dez, numeradas do 0 ao 9. Antes de proceder a cada extracción, volverase a introducir a bola extraída con anterioridade O número obtido ao colocar de esquerda a dereita e pola mesma orde de extracción se corresponde co número 100 para facer a división. Este número multiplícase polo número de solicitudes empatadas en cada centro e curso e o resultado desta multiplicación redondéase á alza.

O dito número enteiro determina a posición ordinal da solicitude que ocupará o primeiro lugar e, a partir desta, a orde das sucesivas solicitudes empatadas, previamente ordenadas de forma ascendente e correlativa con base no número aleatorio asignado pola aplicación admisión alumnado no momento da súa gravación no sistema.

A Coruña, 24 de febreiro de 2025